



Excmo. Concello de Mondoñedo  
Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
Telf. 982 52 40 03 / Fax. 982 50 74 21  
concellomondonedo@gmail.com

## **BASES DO IX CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O MELLOR RECUNCHO DE MONDOÑEDO”**

O Concello de Mondoñedo, a través da Concellería de Cultura, convoca o IX Concurso de Fotografía “O Mellor Recuncho de Mondoñedo” baixo o lema “Elixo o lugar de Mondoñedo que máis che gusta” que ten por finalidade a elaboración dun calendario para o vindeiro ano 2025 coas mellores fotografías de recunchos da localidade.

### **BASES:**

#### **1ª Obxecto**

O presente concurso está destinado á elección de trece fotografías, unha para cada mes do ano, que ilustrarán o calendario municipal do ano 2025, máis unha para a portada do mesmo.

De entre todas as imaxes elixiranse ás tres mellores outorgándolles premio individual tal como se relata no punto correspondente.

#### **2ª Participantes.**

O concurso está aberto a tod@s as persoas físicas que desexen participar agás aquelas vencelladas de forma directa co Concello de Mondoñedo, así como a familiares de 1º e 2º grao ascendentes e descendentes das persoas que integren o xurado así como as súas respectivas parellas.

#### **3ª Presentación de Orixinais**

Cada participante poderá presentar só unha foto ao concurso.

As fotos presentaranse en soporte dixital no seguinte enderezo de correo electrónico: [recunchosdemondonedo@gmail.com](mailto:recunchosdemondonedo@gmail.com) e deberase indicar no asunto “Concurso Fotografía 2024”. No corpo do correo incluírase o nome do/da participante e un número de teléfono de contacto.

As imaxes non poderán levar marcas de auga de ningún tipo, nomes sobrepostos, marcas derivadas dos teléfonos móbiles, marcas en xeral, comentarios ou similares que





Excmo. Concello de Mondoñedo  
Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
Telf. 982 52 40 03 / Fax. 982 50 74 21  
concellomondonedo@gmail.com

---

puidesen permitir a identificación a autoría da imaxe. En caso de que isto suceda a imaxe non entrará en concurso quedando eliminada.

Nas fotos non poderán saír nenos/-as e/ou persoas menores de idade identificables como tal. De así suceder, ten que constar consentimento expreso do/da pai/nai/titor-a conforme autoriza á persoa que achega a imaxe a que esta imaxe se presente ao concurso e que se faga pública nas condicións que recollen estas bases.

Presentaranse en formato JPG, TIF ou BMP cunha resolución mínima recomendable de 300 ppp, pero non será un factor excluínte. As fotos que non teñan unha resolución mínima que permita a súa edición e colocación no calendario coa suficiente garantía de calidade final, poderán ser descartadas polo xurado en base a este criterio.

As fotos cunha resolución inferior a 750Kb serán descartadas por non permitir edición. Así cabe sinalar que as fotos que se descargan das redes sociais para presentalas non posúen a calidade mínima esixible para a súa publicación. De querer presentar unha foto provinte de calquera rede social propiedade da persoa que envía o e-mail, recoméndase que presente a foto orixinal a que deu orixe á publicación e non a descargada da rede social pois arríscase a que non recolla a calidade necesaria para a edición da mesma.

Dado que as imaxes irán montadas no calendario do concello, preferentemente deberán presentarse cun tamaño tendente ao formato cadrado ou proporcional a este. En caso de presentar outros tamaños e resultar elixidas, serán recordadas para encaixar neste formato.

En caso de dúbida do xurado e/ou empate entre dúas ou máis fotos, o xurado empregará o criterio de resolución e mellor adaptación ao formato do calendario para darlle preferencia na súa elección entre as fotos empatadas.

#### **4ª Prazo de presentación**

O prazo de presentación de orixinais comeza coa publicación destas bases na web e nas redes sociais do Concello de Mondoñedo e remata o día 30 de novembro do 2024, incluído este día.

#### **5ª O Xurado**

O xurado estará integrado por 6 membros e 1 secretario/-a. Os membros terán voz e voto e o/a secretario/-a só voz pero non voto.





Excmo. Concello de Mondoñedo  
Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
Telf. 982 52 40 03 / Fax. 982 50 74 21  
concellomondonedo@gmail.com

---

O Xurado estará presidido polo Concelleiro de Cultura, ou persoa en quen delegue, e terá como vogais 1 persoa pertencente ao Concello de Mondoñedo, ben sexa técnico ou membro do equipo de goberno, e 2 persoas, alleas ao concello, con experiencia no eido da fotografía e 2 persoas doutras administracións públicas, ben sexan técnicos ou cargos públicos. Todos eles contarán con voz e voto.

O/A Secretario/-a será persoal do Concello de Mondoñedo que coordinará a recollida de orixinais e envío destes, unha vez rematado o prazo de presentación de orixinais, aos diversos membros do xurado.

Para garantir o anonimato do concurso, a secretaría do evento recollerá as imaxes do e-mail e asignaralles un número de identificación que individualizará a imaxe. Esta, xunto co número, será a que se remita ao xurado sen comunicar a autoría da foto ata despois da valoración e votación das mesmas.

A secretaría do evento estará presente na reunión co xurado que valore as fotos. Nela terá voz pero non voto e levantará acta do resultado da reunión do xurado.

## **6ª Resolución.**

O Xurado reunirse en sesión única nos comezos do mes de decembro e resolverá sobre os as propostas presentadas. En caso de non poder asistir algúns dos membros do xurado, poderá achegar as súas votacións á secretaría do evento para proceder a sumar as súas valoracións ás do resto do xurado e de aí sacar as fotos que ilustrarán o calendario así como a terna de gañadores.

Tras diso comunicárase coa terna de gañadores/-as do concurso e procederáse a coordinar a data de entrega de premios e presentación do calendario oficial do Concello de Mondoñedo para o ano 2025.

## **7ª Exposición e publicación de orixinais. Dereitos de imaxe.**

As fotos premiadas así como aquelas seleccionadas para formar parte do calendario, de consideralo oportuno o Concello, poderán ser publicadas nas redes sociais propias do concello.

Esta publicación levaranse a cabo sempre tras o fallo do xurado e coa correspondente autoría indicada.





Excmo. Concello de Mondoñedo  
Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo (Lugo)  
Telf. 982 52 40 03 / Fax. 982 50 74 21  
concellomondonedo@gmail.com

---

Así mesmo autorízase expresamente ao concello ao uso das fotos gañadoras para a elaboración do cartel do concurso do ano seguinte.

Os dereitos sobre as imaxes seguen a ser dos/das autores/-as pero permítenlle ao concello o seu uso nos aspectos e supostos arriba indicados sen ter que pedir permiso expreso á persoa propietaria da foto.

### **8ª Premio**

Establécese tres premios consistentes en diverso material cultural do Concello de Mondoñedo e da Casa Museo Álvaro Cunqueiro.

### **9ª Final.**

Calquera suposto non contemplado nestas bases será avaliado e solucionado polo xurado.

A presentación de orixinais para a participación neste concurso implica aceptar todas e cada unha das bases aquí expostas.

En caso de consideralo oportuno o xurado, pode quedar algún mes do calendario deserto de imaxe derivada deste concurso co que se empregaría, para cubrir ese(s) mes(es) unha imaxe do arquivo audiovisual do concello que se axuste ao mes(es) en cuestión.

A resolución do xurado é inapelable.

En Mondoñedo en data de sinatura.  
Asdo. Manuel Ángel Otero Legide  
Alcalde – Presidente  
(*Sinatura dixital á marxe*)

